

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

18 febreiro

VIGO **O**rienta



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

CONCELLO  
DE VIGO



CAFÉ-BAR COIA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



AAVV CRISTO DA  
VICTORIA

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

1	A proba. ....	3
1.1	Organización.....	3
1.2	Información xeral.....	4
1.3	Mapa. ....	5
1.4	Tipo de proba. ....	5
1.5	Zona prohibida. ....	8
2	Inscripcións.....	9
3	Lugar de concentración.....	10
4	Categorías e percorridos.....	11
5	Campionato Galego de Orientación Sprint.....	13
6	Normas da proba. ....	14
7	Sistema de cronometraxe. ....	15
8	Mais info. do día e da zona .....	15

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 1. A PROBA

O Campionato Galego Sprint 2023 contará con dous eventos, sendo estes puntuables tamén coma 1ª e 2ª proba da liga Sprint 2023.

### 1.1 ORGANIZACIÓN

**Club organizador:** VIGOrienta

**Dirección da proba:** Candela Puime

**Cartografía:** Candela Puime e Maikel Rodríguez

**Trazados:** Maikel Rodríguez

**Cronometraxe:** Javier Rodríguez e Ricardo Monje

**Xuíz controlador:** Javier Alvelo

**Email de contacto:** [vigorienta@gmail.com](mailto:vigorienta@gmail.com)

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 1.2 INFORMACIÓN XERAL

Data: 18 de febreiro de 2023.

Organizada polo clube VIGOrienta, contará para o seu desenvolvemento coa colaboración de compañeiros do clube BudiñoRAID.

A planificación da proba será a seguinte:

DATA	HORA	ACTIVIDADE	LUGAR
12/02	23:50	Peche das inscricións	WEB FEGADO
16/02	18:00	Listado dos horarios de saída das/os participantes (dúas probas)	
18/02	09:00	Apertura secretariado	ZONA DE COMPETICIÓN
	09:30	Prohibido acceso á zona de exclusión da mañá (ver páx. 6)	
	10:00	Comezo saída federadas/os (mañá)	
	10:30	Comezo saída participantes iniciación (mañá)	
	13:00	Peche de meta (mañá)	
	15:30	Prohibido acceso á zona de exclusión da tarde (ver páx. 7)	
	16:00	Comezo saída federadas/os (tarde)	
	16:30	Comezo saída participantes iniciación (tarde)	
	19:00	Peche de meta (tarde)	
	20:00	Entrega de títulos	

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 1.3 MAPA

A proba realizarase nun mapa creado para a orientación a pé da área de Coia-As Travesas e Bouzas, concello de Vigo. Un mapa novo feito para esta proba por Candela Puime López e Maikel Rodríguez Domínguez, a finais do 2022 (número de rexistro PO-3240-23)

## 1.4 TIPO DE PROBA

A carreira deseñada para esta proba será de modalidade Sprint, cun tempo estimado de 10-15 minutos.

Desenvolverase no barrio de San Martín de Coia-As Travesas. Un núcleo eminentemente urbano de máis de 30.000 habitantes, preto do centro de Vigo e das praias Samil, Vao ou Alcabre, que conta cun gran parque urbano con gran extensión de zona verde, bosque e zona húmida.



As persoas que participen nas modalidades Sprint, deben estar preparadas para decidir de forma moi rápida e manter sempre a concentración.


Pola mañá o trazado discorrerá por dúas zonas diferenciadas: unha zona aberta con relevo, vexetación varia e algúns elementos rocosos e outra zona de edificacións.

Na tarde, atoparedes edificacións de distintos tamaños e formas que coa estrutura arquitectónica da zona, convértese nun terreo labiríntico, sendo o aperitivo para culminar a competición.

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023



Unha proba desafiante considerando as velocidades propias desta modalidade. Por todo isto, será campión/a galeg@ a persoa que sexa capaz de manter unha velocidade/lectura axeitada e cometa os menores erros.



## ZONA DE EXCLUSIÓN MAÑÁ



# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023


ZONA DE EXCLUSIÓN TARDE



# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 1.5 ZONA PROHIBIDA

Como figura no regulamento de orientación a pé, para que ningún participante teña unha vantaxe inxusta, queda prohibido a calquera competidor que vaia participar na proba, o acceso á zona sinalada para entrenar ou empregando calquer tipo de mapa ou dispositivo con representación do terreo.





# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 2. INSCRICIÓNS

As inscricións levaranse a cabo a través da web da FEGADO (<https://fegado.es/events/view/qsr31ga4gv4s/>) ata o domingo 12 de febreiro ás 23:50 horas.

O custo das mesmas será de:

- Federad@s categorías ata 18 M/F: 7€ por carreira.
- Federad@s categorías 21 M/F e posteriores : 10€ por carreira.
- Iniciación curta: 10€ por carreira (inclúe licenza e seguro por un día).
- Iniciación longa: 13€ por carreira (inclúe licenza e seguro por un día).
- Reposición do dorsal: 1€
- Cambio da tarxeta S.I., unha vez pechadas as inscricións e antes do día da competición: 2€
- Cambio da tarxeta S.I. o día da competición: 5€

A estes prezos sumárase 3€ a maiores polo aluguer da pinza S.I. para aqueles que o precisen (**obrigatoria en tódolos percorridos**). Asignárase automaticamente unha tarxeta S.I. en aluguer a toda/o aquel/a que non indique nº de tarxeta nos datos da inscrición. A perda da tarxeta S.I. conleva o pago de 30€. As pinzas en aluguer devolveranse no momento da descarga dos datos da carreira.

Os pagos realizarase no seguinte nº de conta do BBVA:

**ES49 0182 7029 7502 0157 3635**

poñendo no concepto:

**CAMP GALEGO SPRINT + NOME DO CLUBE** (ou participante independente)

Seguidamente, enviarase o xustificante de pago a [vigorienta@gmail.com](mailto:vigorienta@gmail.com)

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 3. LUGAR DE CONCENTRACIÓN

- O lugar de concentración estará situado nas coordenadas 42.215456,-8.748656 no Parque “Plaza Cristo da Victoria” ou “Plaza do pobo” (Parque de Luiz segundo Google Maps).
- Zona de aparcadoiro: poderan estacionarse os vehículos tanto no aparcadoiro do supermercado Alcampo Vigo I, coma nas rúas habilitadas para este fin. **As caravanas, autocaravanas ou furgonetas, deberán estacionar nas rúas de Lamelas ou da Pedra Seixa, no barrio de Navia.** **Con motivo do entroido do barrio, queda totalmente prohibido estacionar nas inmediacións do lugar de concentración, estando estas zonas con avisos de días anteriores, vallas e policía local.**
- Para as persoas que se despracen en tren, os autobuses urbanos (VITRASA) que pasan pola estación Vialia de Vigo, teñen parada directa na **Avda. de Castelao**, a uns 150 metros da zona de competición (app Moovit). O custo destes autobuses é de 1,40€ (0,42€ empadroados en Vigo) desprazándose dende calquer punto da cidade.



# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 4. CATEGORÍAS E PERCORRIDOS

Neste evento poderase inscribir nas seguintes categorías segundo idade:

- non federados:

NON FEDERADOS	
CATEGORÍA	IDADE
INI-CURTA	SEN LÍMITE DE IDADE
INI-LONGA	SEN LÍMITE DE IDADE

- federados:

FEDERADOS
M/F-12
M/F-14
M/F-16
M/F-18
M/F-21A
M/F-21B
M/F-35
M/F-40
M/F-45
M/F-50
M/F-55
M/F ÉLITE

# CAMPIONATO GALEGO

## SPRINT 2023

CATEGORÍAS	PERCORRIDOS MAÑÁ			ESCALA	PERCORRIDOS TARDE			
	DISTANCIA (km.)	BALIZAS	DESNIVEL (m.)		DISTANCIA (km.)	BALIZAS	DESNIVEL (m.)	CAMBIO DE MAPA
INI-CURTA	1	15	10	1/3000	0,8	17	10	
INI-LONGA	1,4	16	20		1,1	17	20	
F-12	1	15	10		0,8	15	10	
M-12	1	15	10		0,8	15	10	
F-14	1	13	15		1,1	16	20	
M-14	1	13	15		1,1	16	20	
F-16	1,2	12	20		1,3	13	20	
M-16	1,3	14	20		1,3	14	25	
F-18	1,3	14	20		1,2	14	25	
M-18	1,3	14	25		1,4	15	30	
F-21A	1,3	15	25		1,2	17	30	
M-21A	1,4	15	30		1,5	15	35	SI
F-21B	1,1	13	20		1,1	13	25	
M-21B	1,3	13	25		1,2	15	30	SI
F-35	1,4	15	25		1,3	16	30	SI
M-35	1,5	16	30		1,5	16	35	SI
F-40	1,3	14	20		1,3	16	25	SI
M-40	1,3	15	25		1,4	15	30	SI
F-45	1,2	13	20		1,4	14	20	SI
M-45	1,3	17	25		1,4	16	30	SI
F-50	1,1	12	20		1,2	14	20	SI
M-50	1,2	14	20		1,3	17	25	SI
F-55	0,9	11	15		1,1	14	20	
M-55	1	12	15		1,2	15	20	SI
F-ELITE	1,5	16	30		1,5	18	35	SI
ELITE	1,7	20	35		1,7	19	40	SI

As categorías sinaladas terán cambio de mapa, sendo éste impreso polas dúas caras.

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

## 5. CAMPIONATO GALEGO SPRINT

Se ben nesta proba pode participar calquera persoa, para puntuar no Campionato Galego de Orientación Sprint 2023 débese cumprir os seguintes requisitos:

- estar federado e en posesión da licenza FEDO de orientación do ano 2023
- inscribirse nas categorías federadas segundo a súa idade.

Para ser proclamado **campion/a galeg@** ademáis dos anteriores, deberase estar federado nun clube galego e conseguir o maior número de puntos da suma das dúas probas.

## 6. NORMAS DA PROBA

A competición desenvolverase na modalidade de ORIENTACIÓN EN LIÑA. O participante terá que pasar obrigatoriamente por tódolos controis, seguindo a orde numérica consecutiva marcada. A proba será de tipo individual contra-reloxo.

As normas aplicables nesta proba serán as seguintes:

- **non se permitirá a saída de corredores/as sen o seu dorsal (so para federad@s). Os dorsais da tempada 2023 recolleranse pol@ encargad@ de cada club na Secretaría previa á carreira da mañá.**
- non está permitido seguir a outros participantes,
- é obrigatorio pasar polo triángulo de saída (baliza sen código). Está prohibido retroceder dende este punto cara a zona de saída,
- os/as orientadores/as en competición teñen a obriga de respectar as normas de circulación viaria,
- os/as corredores/as teñen o deber de respectar as zonas indicadas como privadas ou prohibidas (propiedades particulares, obras, estradas). **Non se pode traspasar ningunha zona limitada, quedando baixo pena de descalificación,**
- é obrigado asistir a calquer participante que precise axuda, aproveitando para lembrar que éste é un dos preceptos básicos desta modalidade deportiva,

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

- o deporte de orientación practícase en silencio e de xeito individual (agás no permitido en categorías de iniciación), cun respecto máximo polo medio natural que nos acolle, coidando de que todo quede como estaba tralo noso paso,
- para a realización da proba só está permitido o uso do mapa, que se dará no momento da saída, e a axuda dunha brúxula,
- é obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. Podéndose encontrar balizas de distintos percorridos moi próximas. Olo ao número- código da baliza!!!,
- é obrigatorio pasar pola meta e descargar a pinza electrónica, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización,
- pregarase respecto ao xogo limpo,
- prégase encarecidamente usar os contedores do lixo para depositar o refugallo.
- recórdase a normativa da FEGADO sobre podios para os/as gañadores/as.

## 7. SISTEMA DE CRONOMETRAXE

No evento usarase o sistema de cronometraxe SportIdent con pinza electrónica en tódolos percorridos. Aqueles que non posúan una, poderán alugala no momento da inscrición.

Non se entregarán tickets de descarga.

Os resultados da proba poderán ser consultados en directo en <http://liveresultat.orienting.se/> e a clasificación será publicada na web con posterioridade.

As reclamacións poderán ser feitas ao xuíz controlador de forma presencial ata 60' despois da chegada d@ últim@ corredor/a.

## 8. MÁIS INFO DO DÍA E DA ZONA

Como xa sabedes, o Campionato Galego Sprint coincide en datas co Entroido, polo que no centro de competición haberá festa: exhibición de baile, desfile de disfraces,

# CAMPIONATO GALEGO SPRINT 2023

concertos, dj, xogos, mercadillo de artesanía, comida... Entre a súa organización e a nosa, sacaremos o máximo partido a este evento e así disfrutaremos tod@s.

Tamén temos varias vantaxes para os participantes:

- haberá unha cantina preto da secretaría con precio especial a quen presente o dorsal
- ao carón do centro de competición, está o "Bar Coia", onde podedes almorzar (cuns churros ou anaco de bollería de valde) ou o que vos apeteza, e/ou xantar, mercar bocadillos para levar ou tomar una bebida acompañada dos seus pintxos do día (os cales serán de agasallo coa bebida). Tlf.: 986209620
- na cantina da "AVV Cristo da Victoria" Terán menú de prato único a 5€ con bebida incluída ou de menú completo por 10€. Estes menús poden disfrutarse na terraza que terán habilitada para nós ou levarse, pero sempre facendo reserva uns días antes para mercar o necesario e reservar o menú que cada un/una escolla (tlf.: 886291326). Se chamades, dicirlle que ides participar na carreira para disfrutar das vantaxes
- haberá pulpeira e porco ao espeto no centro de competición para xantar alí mesmo
- poderán instalarse mesas para xantar na zona de xardín da plaza
- na secretaría podedes atopar froita, grazas a "Frutas Nieves" ao rematar cada proba.

**ENTROIDO '23**  
Na "PRAZA DO POBO" DE COIA  
dende o 17 FEBREIRO  
**EVENTO MULTICULTURAL**  
ARTESANÍA, ATRACCIÓNS, ACTIVIDADES, ACTUACIÓNS...!!

**HORARIOS APROXIMADOS**

<b>VIERNES 17.2.23</b>	20h. PREGÓN DE BENVIDA A CARGO DE RONI COIA
	21h. DIVING THROUGH JELLYFISHES
	22.30h. DI-VERSIONES "MIGUEL PELOS BAND"
<b>Sábado 18.2.23</b>	10h. exhibición baile unidance
PROBAS OFICIAIS da FEDERACIÓN de DEPORTES do CLUB	13h. CIENCIA QUE ALIMENTA "ROTO Y DESCOSIDA"
<b>VIGORIENTA</b>	21h. THREE ROOSTERS
<b>DOMINGO 19.2.23</b>	22.30h. CLUB TANGO
	12h. Alejandro Jesús
	17h. A Folhada Vai Boa
	Axóuxeres
	AS BUBELAS
	20h. El Patio
	21.15h. TXUVASKO
	22.30h. HEROINAS
<b>LUNES 20.02.23</b>	18h. TITÈRES Na Túa Casa
	20h. OS BOHEMIOS

**O SÁBADO TEREMOS**  
"PORCO O ESPETO" e  
"PULPEIRA" \*  
e sobre as 17h. desfile  
PRESENTADO POR RONI COIA  
+ ANELKA DJ !!

\* ANOTARSE NA AVV CRISTO DA VICTORIA \*

**E MOITAS COUSAS MÁIS !!**

ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓNS:  
AVV CRISTO DA VICTORIA, O KRAKEN BAR, CANTINA CRISTO DA VICTORIA, EVENTOS RÍAS BAIXAS, A.VV. O TORREIRO DE COIA, A. CULTURAL S.M.H.O., CAVEIRA SONS,

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | CONCELLO DE VIGO | RÍAS BAIXAS | XUNTA DE GALICIA | O KRAKEN